



Asunto: Comunicando modificacións na forma de acceder a páxina Web do IGVS para realizar trámites de depósito e cancelación de fianzas.

Desde o IGVS estanse a realizar actualizacións para a mellora e optimización da aplicación en materia de fianzas.

Actualmente para a realización de trámites a través da aplicación de fianzas dispoñible na Web do IGVS é necesario rexistrarse previamente como usuario para obter o contrasinal premendo na ligazón "Novo usuario".

Non obstante, nos vindeiros meses esta forma de acceso mediante usuario e contrasinal rexistrado desaparecerá definitivamente. A partir dese momento, as únicas formas válidas de acceso serán mediante:

- Chave365
- Certificado dixital
- DNI electrónico

Co fin de adaptarnos a este novo sistema e poder xestionar correctamente os accesos, precisamos que dende esa entidade se faga chegar aos seus asociados a necesidade de que nos faciliten a seguinte información:

- DATOS DA ORGANIZACIÓN
 - NIF/CIF
 - Razón social da organización
 - Provincia
 - Concello
 - Enderezo
 - Código postal
 - Correo electrónico
 - Teléfono de contacto
- DATOS DAS PERSOAS RELACIONADAS Á ORGANIZACIÓN
 - Nome
 - Apelidos
 - NIF/NIE
 - Correo electrónico
 - Telefono de contacto



- Perfil de acceso: administrador ou xestor

Unha vez finalizado o proceso de acceso á aplicación, procederase á migración de todas as fianzas asociadas aos NIF/NIE das persoas relacionadas coa organización como fianzas da organización. Isto implica que as fianzas da organización estarán accesibles para todo o persoal vinculado á mesma.

Manteranse unicamente como fianzas persoais aquelas nas que o NIF/NIE indicado coincida co do arrendador.

Agradecemos que nos remitan esta información á maior brevidade posible, enviando un correo electrónico ao enderezo fianzas.igvs.santiago@xunta.gal indicando no asunto: “**(Nome organización) – fianzas**”, para garantir a continuidade na xestión dos trámites sen incidencias

Quedamos á súa disposición para calquera dúbida ou aclaración.